

**Comunicación sobre solicitude de certificacións e prescripción,
duración e suspensión de illamentos e corentenas
da xefatura territorial de Pontevedra da Consellería de Sanidade**

PRESCRIPCIÓN, DURACIÓN E SUSPENSIÓN DE ILLAMENTOS E CORENTENAS

De forma xeral, as comprobacións do **estado vacinal** do alumnado e persoal docente/non docente e dos **resultados das probas diagnósticas**, corresponderalle aos axentes da CSC.

Respecto á decisión de **suspensión das medidas de illamento dun caso confirmado ou sospeitoso** corresponderalle a un profesional sanitario.

PROTOCOLO DE VIXILANCIA E CONTROL EPIDEMIOLÓXICO FRONTE AO VIRUS SARS-CoV-2 (COVID-19) NO ÁMBITO EDUCATIVO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA

https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/545/ESCOLAS_Protocolo_COVID19.pdf

Páx.16

O responsable COVID do centro educativo **non deberá ter en conta o estado de vacinación nin o diagnóstico previo da COVID** para elaborar a listaxe de contactos estreitos, sendo esta función asumida polos axentes da CSC. Estes axentes revisarán os rexistros sanitarios de cada contacto estreito durante o inicio do seguimento e adaptarán as medidas que deben seguir en función da información dispoñible.

Páx.21

E importante saber que, ao igual co resto da poboación xeral, **estarán exentos de corentena e vixilancia aquelas persoas que fosen diagnosticadas coma caso confirmado de COVID-19 nos últimos 3 meses**. Esta situación non ten que ser identificada polo responsable do ECCE, senón que serán os propios contactos estreitos ou as súas persoas de referencia quen trasladan esta información a CSC cando se lle comunique a súa situación coma contacto estreito.

Adaptación das medidas de prevención da covid-19 en centros educativos. Preguntas frecuentes. Febreiro 2022.

https://coronavirus.sergas.es/Contidos/centros-educativos-preguntas-frecuentes#__RefHeading__Toc18970_2354157858

Páx. 7

Cando debe volver a clase un neno ou unha nena en illamento ou corentena?

CASOS:

Con carácter xeral, o **illamento dun caso confirmado** da COVID-19 durará cando menos 7 días. Aos 7 días, e sempre que pasaran 3 días sen síntomas, sen necesidade de ningunha proba diagnóstica, o caso confirmado poderá abandonar o illamento e reincorporarse ao centro, extremando as medidas preventivas outros 3 días. **Será un profesional sanitario o que lle indique ao caso confirmado que pode suspender as medidas de illamento.**

CONTACTOS ESTREITOS:

A **corentena domiciliaria dos contactos estreitos** debe manterse durante os 7 días seguintes ao último contacto co caso, sempre que se obteña un resultado negativo na proba de control. Unha vez transcorrido este período, a persoa encorentena deberá seguir medidas de vixilancia por contacto ata pasados 10 días do último contacto co caso.

•De forma xeral, **será a CSC quen informe do resultado negativo** da proba solicitada e indique que xa se poden suspender as medidas de corentena e continuar cos 3 días de vixilancia. **Non obstante, no caso de que a CSC non chegase a informar das medidas preventivas** que debe seguir o contacto estreito, a suspensión de ditas medidas poderá realizarse seguindo as instrucións de corentena/vixilancia publicadas para toda a poboación.